

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA CELEBRADA O DÍA 27 DE XANEIRO DE 2015

ASISTENTES	
	GRUPO POLÍTICO
ALCALDE:	
D. José Fervenza Costas	PP
CONCELLEIROS/AS:	
D ^a . Susana Varela Santiago	PP
D. Jorge Santomé Gestido	PP
D ^a . María Colomba López Freire	PP
D ^a . Rosa Solla Veiga	PP
D ^a . Raquel Carro Sequeiros	PP
D ^a . María del Carmen Regueira Fernández	PP
D. Vicente Verdeal Ríos	PP
D. Xosé Manuel Millán Otero	BNG
D ^a . María Martínez Nogueira	BNG
D ^a . María Beatriz Riobó Rouco	BNG
D. Odilo Barreiro Martínez	BNG
D ^a . María Libertad Cruz Couso	BNG
D ^a . Coral Ríos Santomé	BNG
D ^a . Araceli Gestido Rodríguez	BNG
D ^a . Marta Freire Riobó	PS de G-PSOE
D. María Dolores Miranda Costas	PS de G-PSOE
SECRETARIO:	
D. Adamantino Barreiro García	
AUSENTES:	

En Moaña, o 27 de xaneiro de 2015, martes, ás 20.00 horas no salón de plenos da Casa do Concello, tras a convocatoria para o efecto, reúnen, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros e as señoras concelleiras que se relacionan na marxe co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Moaña.

A todos/as os/as asistentes entregóuselhes copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Estando presente o quórum necesario, o Sr. presidente declara validamente constituída a sesión.

ORDE DO DÍA

1º.- Proposta da Alcaldía para a sinatura de convenio de colaboración para a implantación do Plan de Transporte Metropolitano na Área de Transporte Metropolitano de Vigo

1º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA**A SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE VIGO**

O Sr. Alcalde dá lectura á súa proposta que literalmente di:

« PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA SOMETER A APROBACIÓN DO PLENO MUNICIPAL A SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO NA ATM DE VIGO

Con data do 16 de xaneiro de 2015 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas remitiu o proxecto do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Vigo. Xunto coa remisión do devandito proxecto achegou un informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia relativo á viabilidade xurídica desta nova liña de colaboración e á participación da propia Xunta de Galicia e dos concellos na súa consecución.

Visto que as bases reguladoras do POS 2015 permiten destinar o 30% do importe que lle corresponde ao Concello de Moaña no plan a Gasto corrente e gasto corrente novo. Este Concello solicitará á Deputación destinar parte do importe que lle corresponde ao financiamento da achega municipal correspondente ao 2015, do Convenio de Colaboración para a implantación do Plan de transporte metropolitano na ATM de Vigo.

Considerando que malia o reparo contido no informe de Intervención e Secretaría aducindo basicamente cuestións competenciais foi emitido outro por parte do letrado asesor da Xunta de

Galicia do que se deduce que o convenio articula unha actuación de colaboración entre a Xunta de Galicia e os concellos, sen que supoña por parte destes o exercicio de novas competencias, e como consecuencia non son necesarios os informes da administración de tutela, aínda que si os internos dos órganos municipais.

Considerando que o dito convenio é beneficioso para os cidadáns de Moaña, non soamente porque vai supor unha rebaixa no prezo do transporte senón tamén unha mellora das condicións de mobilidade no Concello por canto o obxectivo fundamental do convenio é establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para aplicación das medidas de fomento do transporte público de viaxeiros de tal xeito que se fomentará tamén a chegada ao noso municipio de persoas procedentes da área metropolitana de Vigo e farano tamén en transporte público.

Vista a disposición adicional segunda, 2 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en base á cal a subscripción de convenios e a constitución de consorcios deberán mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades administrativas e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, sen que para a súa formalización ou constitución deban solicitarse os informes preceptivos que se regulan nesta lei.

*Que coa achega do **POS 2015** quedaría resolto o problema de existencia de crédito e non afectaría a sustentabilidade financeira do Concello de Moaña.*

En relación co anterior, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar os reparos contidos no informe de Intervención e Secretaría con base no informe emitido polo asesor xurídico da Xunta de Galicia o 16.01.2015.

Segundo.- Aprobar a vinculación do Concello ao Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Vigo e anexo técnico.

Terceiro.- Autorizar ao Alcalde para a sinatura do convenio en nome e representación do Concello de Moaña así como para a realización das actuacións necesarias para o seu desenvolvemento.

Cuarto.- Remitir unha certificación deste acordo á Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Moaña, 20 de xaneiro de 2015. O Alcalde D. Jose Ferverza Costas. »

➤ Intervén don **Francisco Ferreira** en representación da Federación de AAVV "A Chamusca" Moaña, quen manifesta que entenden que non se inclúe o transporte marítimo, dando lectura ao apartado do convenio no que se fundamenta.

➤ O **Sr. Alcalde** indica que iso non é verdade. Pero continúa.

➤ Don **Francisco Ferreira** sinala que non se inclúe o transporte marítimo, falase das achegas, prezos dos usuarios, os saltos, e a pesar das súas informacións o transporte marítimo non está contemplado. Recalca o apartado 23.4 c) do convenio que cita o transporte marítimo. Entenden que no futuro haberá estudos técnicos onde se establecen os custos medios por viaxeiro. Fala dun custo de 4,47 euros por billete. No ano 2007 os estudos dicían que Moaña tiña que achegar 135.000 euros, e o prezo era de 1,75. Pero agora non se incorpora. Agora é unha previsión sobre o transporte da ría. Isto é unha simple declaración de intencións, é un cheque en branco e dicíase que temos que achegar 135.000 euros, outros tomarán a decisión e non é o Concello. Solicita que non se asine o convenio ata que se inclúa o transporte marítimo. Non se recolle a achega definitiva e o custo do billete.

➤ Intervén don **Odilo Barreiro** quen achega a súa intervención para constancia na acta e que literalmente di:

Boas tardes, atopámonos hoxe nun pleno extraordinario que debería rematar coa celebración dun acordo unánime do pleno da corporación que celebre o logro dunha vella reivindicación de todos os moañeses e moañesas. Pero non vai ser así. **O que hoxe se trae ao pleno para a súa aprobación non é máis que outra das chapuzas ás que nos ten acostumado tanto o goberno**

galego presidido polo Sr. Feijóo como o goberno municipal que vostede preside Sr. Fervenza.

E isto vai ser así por diversos motivos que impiden a implantación real dun transporte metropolitano subvencionado que tanto reclamaban os veciños e veciñas da nosa localidade.

En primeiro lugar, non vai ser posible pola **incapacidade manifesta do goberno da Xunta de Galiza e do Concello de Vigo para chegar a un acordo** sobre o programa de subvención ao transporte na área de Vigo. E xa estamos fartos. Van alá **dez anos** repetíndose a mesma situación independentemente de quen ocupara o cargo na consellaría (lembramos que pasaron neste tempo Alberto Núñez Feijóo, María José Caride, Agustín Hernández e agora Ethel Vázquez) ou no goberno municipal de Vigo (Corina Porro ou Abel Caballero). E se recorremos á listaxe de directores xerais, atopámonos con que pasaron polo cargo **ata seis diferentes** sen chegar a unha posición de consenso. E todo por que? Pois porque temos un goberno da Xunta despreocupado do tema e empregándoo simplemente para facer política ao servizo do PP e a un alcalde de Vigo que é ruín como a carne do pescozo, ególatra en exceso e incapaz de reducir as súas pretensións e de valorar debidamente os beneficios que un plan metropolitano con Vigo incluído suporía para todos e todas.

Pois ben, esta incapacidade de chegar ao acordo fai que a proposta de convenio que se ofrece aos trece concellos implicados, sen a participación de Vigo, **reduza enormemente a viabilidade do programa e ademais incrementa os custe para os concellos adheridos**. Porque digamos a verdade en voz alta, sen Vigo os usuarios e usuarias do Morrazo seguirán nunha situación similar á actual. **A intermodalidade** tan reclamada e tan cacarexada dende a consellaría antes da proposta do convenio, ou **o uso de intercambiadores entre liñas de transporte marítimo e terrestre**, quedan reducidas á mínima expresión. O que pediamos todos, veciños e veciñas de Moaña e do Morrazo, de poder chegar cun só billete dende Moaña ao noso destino interurbano en Vigo, xa non vai ser posible.

E en que se queda logo? Pois no que sempre denunciou o BNG: **un programa de transporte que vai limitarse a crear un sistema de aparencia legal para subvencionar ás empresas concesionarias**. De tal xeito que se simula que se subvenciona aos usuarios e se van mellorar os servizos, cando quen realmente saen beneficiadas son as empresas de transporte. Un auténtico xogo de tafures no que as concesionarias son a banca do casino: elas sempre gañan.

E en todo este proceso que papel xogan os concellos? Pois o que lles reserva a Xunta de Galiza: o de **simple comparsas e marionetas na súa política de subvención parcial directa**. E dicimos o de comparsas e marionetas xa que os concellos van estar obrigados a asumir o 20% da subvención pero non van ter ningunha capacidade para xestionar as liñas, para controlar as concesións, para decidir horarios ou servizos ou para supervisar ou sancionar. Iso si, no convenio queda ben clarifíño que calquera medida de mellora e/ou ampliación terá que ser asumida ao 100% polo concello que a propoña, e só se o resultado ten éxito podería incorporarse ao programa.

Pero tanto interese hai por parte do PP de sacar adiante o proxecto antes das eleccións que non dubida en propoñer a súa sinatura sen o consenso con Vigo ou **obrigando aos concellos asinantes a asumir competencias impropias**. Sen ter en conta a prohibición estatal aos concellos á hora de exercer competencias que corresponderían a outras administracións. Lembremos aquí que o goberno estatal promulgou en 2012 unha serie de decretos que, co fin de reducir os déficits municipais, prohibía aos concellos asumir competencias definidas como impropias. E segundo está estipulado, os concellos de menos de 50.000 habitantes non teñen competencias sobre transporte urbano. Co fácil que sería solventar este inconveniente se a consellaría (soa ou con outras administracións supramunicipais) asumise ao 100% a subvención do proxecto.

Que esa é outra. A subvención ao cento por cento do programa non a asume a Xunta do PP. Pero non dubida en crear **outra comisión fantasma na que se asegura a maioría dos votos para o que eles chaman “seguimento de aplicación do programa”**. E aquí nós preguntámonos **por que se renuncia a crear un Consorcio Metropolitano de Transporte?** Algo que o BNG demandou dende un principio xa que iso supón que o órgano de goberno do transporte metropolitano **tería unha entidade xurídica propia, con competencias e capacidade de xestión e ordenación do transporte urbano e interurbano na área metropolitana de Vigo**. Por que non se crea ese consorcio, cando é unha medida empregada nas áreas metropolitanas con situación similar á da nosa comarca? Por que non se fai cando teñen demostrado a súa eficacia en áreas metropolitanas como as de Barcelona ou Porto entre outras? Pois porque **iso suporía ceder competencias, fondos, capacidade de decisión e influencia a un organismo**

independente e o pastel do transporte é demasiado suculento para o PP como para repartilo con alguén.

E deixando xa os erros de partida cometidos no convenio de colaboración do transporte, e entrando no contido do mesmo, atopamos eivas gravísimas que todos os veciños e veciñas de Moaña deben coñecer e que limitan moitísimo a súa efectividade e supervivencia no tempo.

O primeiro é que nos atopamos cun programa de subvención ao transporte proposto dende a Xunta que é claramente **insuficiente e discriminatorio**. E dicimos que é **insuficiente** porque **non ten en conta aspectos como o transporte escolar postobrigatorio ou o transporte universitario**, que con moito é o que move un maior número de usuarios na área. Nin unha palabra do transporte universitario e non se aproveita para dar solución ao alumnado de bacharelato e formación profesional que ten que desprazarse a concellos da comarca para cursar unha especialidade ou un ciclo formativo determinado. E considerámolo **discriminatorio** por que **non fixa aspectos como a situación socio-económica dos usuarios e usuarias á hora de establecer a subvención**. É dicir, todos van ter a mesma subvención, independentemente da idade, ocupación, renda familiar, situación familiar, etc.

Por outra parte da lectura da proposta de convenio **non se deduce unha mellora nas prestacións e calidade dos servizos**. Máis ben todo o contrario. **Non se garante nin se contempla a creación nas cabeceiras dos concellos adheridos a construción de estacións de transporte** (caso de Moaña que non conta con ela), **nin tampouco a modernización dos indicadores e táboas de prezos** (que por certo tampouco existen en Moaña). E doutra banda o **convenio tampouco recolle ningún tipo de obriga para as empresas concesionarias**, que se van limitar a recoller as subvencións e beneficios futuros sen ter que comprometerse a asumir ampliacións de liñas, de horarios, melloras nos vehículos empregados ou nos servizos en terra. Outra mostra máis do que dicíamos antes do fin último que persegue este convenio.

Ademais **as cifras que inicialmente se consigan como aportacións dos concellos teñen un carácter meramente orientativo e político**. Todo co fin de que as corporacións non se opoñan á sinatura do convenio. No noso caso, o de Moaña, eses 35.867 € moito nos tememos que non van dar cobertura nin á metade dos actuais usuarios do barco e o autobús. E unha pista de que isto vai ser así é o que se recolle no propio texto ao respecto de que **a Xunta resérvase o dereito de presentar unha liquidación final sobre as cantidades efectivamente necesarias para asegurar a aportación do 20% da subvención**. É dicir o susto chegará no cuarto trimestre do ano. E por se a algún concello se lle ocorrera non pagar, o texto xa deixa ben ás claras **a posibilidade de detraer do Fondo de Cooperación Local as cantidades que non se abonaran en tempo e forma**. Volvemos ao conto de SOGAMA, os concellos quedan atados de pés e mans ao capricho da Xunta de Galiza nun programa no que, repetimos, quedamos como comparsas e marionetas.

E é por iso que os informes de interventores e secretarios, presúmense contrarios ou abertamente negativos. E mesmo vostede recoñece o absurdo da situación que presenta a sinatura do convenio na aportación económica, que non se lle ocorre mellor idea que botar man do 30% do Fondo de Obras e Servizos da Deputación. O que vai supor que Moaña terá que subtraer arredor de 70.000 euros destinados á mellora de obras e servizos para pagar ese imposto revolucionario que vai supor a sinatura do convenio.

E todo porque **hai moitísima présa en tramitar e dar aprobación ao convenio**, porque non nos enganan, estamos ante **unha proposta electoralista que se pretende asinar sen ter en conta a súa dubidosa legalidade ou as consecuencias futuras**. É só un instrumento de propaganda de cara ás eleccións de maio. Unha vez máis, a Xunta de Galiza deixa de actuar como institución pública ao servizo de todos os galegos e galegas, para actuar como unha institución de propaganda ao servizo exclusivo do PP.

Pero non se preocupe Sr. Fervenza. **Aínda nestas circunstancias que pensamos van facer inviable ou contraproducente a aplicación do convenio tal como nestes momentos está redactado, o BNG non vai obstaculizar a súa aprobación en Moaña.**

E iso a pesares da nefasta xestión que realizou. Xa que vostede o único que demostrou foi **a súa ineptitude** durante estes case catro anos á fronte do concello. E en todo este proceso de negociación do convenio só amosou **a súa covardía** ao non denunciar a hipoteca que vai supor para as arcas do noso concello e a necesidade de que outras administracións deberían asumir o cen por cen do custe.

Nin tampouco o facemos pola **Xunta de Galiza** e o traballo desenvolvido, xa que unha vez máis **ponse do lado dos poderosos** (as empresas de transporte), esquecendo aos veciños e veciñas.

Unha vez máis **é incapaz de chegar a un acordo co concello de Vigo** que dese resposta ás demandas reais da veciñanza. Porque unha vez máis **actúa como unha institución ao servizo exclusivo do Partido Popular en época electoral.**

Imos permitir a aprobación deste convenio tendo en conta os aparentes beneficios económicos que vai traer para os usuarios e as usuarias. Aínda que é moi pequena, a redución do prezo para o usuario xa xustifica o noso posicionamento.

Iso si, non lle caiba a menor dúbida de que **seguiremos a denunciar as deficiencias e eivas que contén. E seguiremos a reclamar a creación dun Consorcio Metropolitano da Área de Vigo, coa participación da Xunta, a Deputación Provincial, o Concello de Vigo e todos os concellos da área urbana que queiran adherirse.**

➤ Intervén dona **Marta Freire**, quen indica que é a gusto da Xunta de Galicia e beneficia as empresas. Non tivo en conta a mellora dos servizos, nin a situación dos concellos. Hai un informe dun letrado interesado en quen lle paga. Vostede sempre di o que digan os técnicos, pero agora non lle interesa o que di o informe do secretario en contra nin o informe de Intervención que fai reparo e advirte do incumprimento do Plan de Axuste, e vostede pretende adoptar este acordo incumprindo a lexislación. Non se pode asumir o convenio segundo di a interventora. A Xunta pode incrementar as cotas se o servizo é deficitario. O PSOE di que se debe fixar un tope de gasto, pero a Xunta non quixo. O convenio na páxina 5 fala de orzamento e gustaríame saber en que parte do orzamento do Concello de Moaña está prevista a partida para iso. Pretende aprobalo e en dous meses traerá un expediente ao Pleno. Incúmprase o convenio antes da sinatura. Non se melloran as liñas e se se queren mellorar ten que sufragalas o Concello. Pregúntalle ao Sr. Alcalde se ten pensado novas liñas ou mellorar o servizo. E engade que se é consciente do que dixo por que non asinan Xunta e Deputación e nos deixan fóra. Tamén temos dúbidas de que inclúa o transporte marítimo que só se cita en dous artigos.

➤ Dona **Colomba López** indica que hai un interese compartido deste convenio.

➤ Dona **Marta Freire** interrompe e indica que a concelleira dá lectura a un escrito do PP, e sinala que os argumentos que utiliza...

➤ O **Sr. Alcalde** indícalle a Sr. Freire que ela tamén ten papeis, e pide que continúe a Sra. Colomba.

➤ Dona **Comba López** continúa indicando os intereses e beneficios do transporte. Na actualidade a Área Metropolitana non ten presidente. A Xunta de Galicia achega as cantidades en base a un traballo de campo e descoñécese cantos utilizarán o transporte público. O transporte privado xera contaminación. O convenio axuda aos usuarios non aos transportistas. A Xunta de Galicia pagaría o transbordo dunha liña a outra, supón algo que xa funciona noutras áreas de Galicia, en catro. Espérase que o Concello de Vigo se adhira. En Fornelos, aprobouse.

➤ Dona **Marta Freire** pregunta en que parte do convenio está o transporte da ría, que beneficios teñen os veciños, á parte do prezo, e como se vai financiar.

➤ Don **Odilo Barreiro** sinala que as cantidades son irreais. Se o informe viñese da Intervención da Xunta de Galicia ou do secretario da Xunta, sería diferente. O secretario non variou o seu informe. É unha xogada electoralista, pero vai quedar en nada e ten pouco percorrido.

➤ O **Sr. Alcalde** indica que non houbo falla de información aos grupos xa dende o anterior convenio. Estivemos falando deste tema, e sempre se lles pasou información a todos os grupos. Levamos dez anos ás voltas con este convenio e non podemos esperar moito máis. Na Coruña, Lugo ou Santiago xa se benefician. Pode haber nova liñas e novas frecuencias. Os trece concellos fan un grande esforzo para impulsar o transporte, e cre que Vigo entrará. Ao mellor non son necesarias novas liñas. Autorízase ao Alcalde para asinalo. A Xunta achega dez ou once millóns de euros e o usuario aforrará un 45%. É unha demanda importante dos cidadáns. Poderíao asumir a Xunta de Galicia pero noutras áreas tamén asumen unha parte do custo. É un impulso

importante para os cidadáns, un gran paso. O Concello está mal, pero todos coñecen a situación económica do Concello. O transporte da ría sairá beneficiado.

- Don **Francisco Ferreira** pregunta en qué punto ou páxina se di o prezo de Vigo a Moaña no transporte da ría. Fala de 1,50 euros.
- O **Sr. Alcalde** di que non o aclara, que é unha estimación.
- Don **Francisco Ferreira** di que a estimación é o que podemos pagar os concellos.
- O **Sr. Alcalde** indica que 1,50 euros é unha estimación.
- Don **Francisco Ferreira** indica que respecto ao prezo do billete se fala de 1.50 euros, pero a Consellería di que pode ser 1,34 euros. Neste convenio non se contempla o custo exacto do transporte marítimo da ría. Os que veñan detrás terán os problemas. Queremos que se garanta que sexa unha realidade. Que non sexa un foguete electoral. Ao final, uns trescentos usuarios beneficiaranse e dezasete mil moañeses van pagar. É unha prevaricación e unha fraude á confianza dos veciños.
- O **Sr. Alcalde** non comparte a súa postura. Está vostede bastante equivocado.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor, os do PP, e nove abstencións, as do BNG e PS de G-PSOE, acordan:

Primeiro.- Levantar os reparos contidos no informe de Intervención e Secretaría con base no informe emitido polo asesor xurídico da Xunta de Galicia o 16.01.2015.

Segundo.- Aprobar a vinculación do Concello ao Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Vigo e anexo técnico.

Terceiro.- Autorizar ao Alcalde para a sinatura do convenio en nome e representación do Concello de Moaña así como para a realización das actuacións necesarias para o seu desenvolvemento.

Cuarto.- Remitir unha certificación deste acordo á Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde acorda rematar a sesión ás 21:08 horas co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, comigo secretario, de todo o cal eu dou fe.

Vtº E PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO

Asdo.: José Fervenza Costas

Asdo.: Adamantino Barreiro García